

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Cabeza Pereiro, M^ª. Carmen
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
García Mateo, M^ª Del Carmen
González Pillado, Esther M^ª
Hernández Sánchez, Jesús
Membrela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luís
Arias Sánchez, Pedro
Garrido Valenzuela, Irene
Iglesias Antelo, Beatriz
Muñoz López, Luís
Pereira Domínguez, Alejandro
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesequeira, Antonia
De Lorenzo Rodríguez, M^ª Edita
González Vázquez, Encarnación
Ramos Cabrer, Manuel

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^ª Isabel

ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago

PAS:

CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

González Piñeiro, Luís
Gutiérrez Nieto, Manuel
Ortiz Torres, Luís
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 22 de marzo de dous mil dez, convocada para as 16:00 horas en primeira convocatoria e ás 16:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O luns, día **22 de marzo de 2010**, ás 16:35 horas deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

- Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Pablo Álvarez Rodríguez, contra o acordo da Comisión Electoral, relativo á elaboración do censo electoral.

Trátase dun recurso presentado polo Sr. Álvarez contra o criterio de elaboración dos censos electorais das eleccións de reitor e Claustro, seguido pola comisión Electoral reunida o 12 de marzo de 2010, asumindo o criterio aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 5 de marzo de 2010; de acordo con este criterio, exclúese dos censos o persoal contratado con cargo a proxectos de investigación.

A fundamentación xurídica desta petición baséase no establecido nos Estatutos da Universidade que establecen como un dos principios xerais da súa actuación o de participación; no art. 80 o dereito que teñen os membros da comunidade universitaria (formada por PDI, alumnado e PAS) a participar a través dos seus órganos de representación no goberno e na xestión da Universidade. Así como no art. 83, que determina que o PDI da Universidade está constituído por, entre outros, o contratado por obra ou servizo.

De acordo con esta fundamentación, solicita o recorrente que se inclúan no censo das eleccións a Reitor e a Claustro a todos os contratados con cargo a proxectos de investigación.

Neste tema debe partirse da consideración de que corresponde a este Consello de Goberno determinar que persoal se inclúe en cada un dos apartados do art. 32 dos Estatutos, con carácter previo ao inicio do proceso electoral coa elaboración dos censos. Así se fixo na sesión de Consello de Goberno de 5 de marzo.

Como recordamos todos, nese Consello de Goberno se acordou incluír ao seguinte persoal en cada un dos sectores:

a) Profesorado doutor con vinculación permanente á universidade:

- Pertencer aos corpos de funcionarios docentes establecidos pola Lei en situación de servizo activo (salvo profesorado propio en comisión de servizo) como funcionario de carreira estando ademais en posesión do título de doutor.
- Pertencer á categoría de profesor contratado doutor.

b) Restante persoal docente e investigador:

- Pertencer aos corpos de funcionarios docentes establecidos pola Lei en situación de servizo activo (salvo profesorado propio en comisións de servizo) como funcionario de carreira, sen o título de doutor.
- Profesorado integrado da antiga Escola de Relacións Laborais.
- Persoal docente contratado sen vinculación permanente: profesores axudantes doutores, axudantes, profesores asociados, profesores visitantes, profesorado interino, profesores interinos de substitución, profesores eméritos, lectores e profesores de relixión.
- Persoal investigador contratado: doutores seleccionados mediante convocatoria pública competitiva (contratados Ramón y Cajal, Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño, Marie Curie e outros asimilados).
- Outro persoal investigador: contratados e bolseiros FPI/FPU, Xunta (María Barbeito) e outros asimilados.

c) Estudantes:

- Estar matriculados en calquera das ensinanzas de primeiro ou segundo ciclo das titulacións oficiais a extinguir, das ensinanzas de grao e máster universitario, ou ben ser estudante de terceiro ciclo.

d) Persoal de Administración e Servizos:

- Pertencer a corpos, escalas ou prazas de funcionarios de carreira ou interinos en situación de servizo activo, ou ás categorías de persoal laboral

establecidas no correspondente convenio colectivo ou na lexislación laboral de aplicación.

- Contratos derivados de convocatorias do Ministerio: Técnicos de I+D e Infraestruturas (exclúense aqueles técnicos contratados con cargo a proxectos de investigación).
- Tecnólogos: Lucas Labrada e Isabel Barreto.

No que respecta ao persoal contratado con cargo a proxectos, acordouse a súa non inclusión no apartado b) “Outro persoal docente e investigador”, por dous motivos fundamentais: que a súa contratación non procedía dunha convocatoria pública competitiva e que non tiñan capacidade docente.

Neste momento, quizais procede replantexarse esa decisión cando temos un recurso no que se pon de manifesto a existencia de persoas que se senten prexudicadas por este acordo e tentar facer outra proposta de consenso que nos permita a todos movernos con certa tranquilidade neste proceso electoral. Así, co obxecto de satisfacer a todos os interesados (os recorrentes e os que están incluídos no sector), trataríase da inclusión no censo de aqueles contratado con cargo a proxectos de investigación que teñan unha vinculación prolongada no tempo coa Universidade, na mesma liña que fixeron as Universidades de Santiago e A Coruña.

Hai que pensar que estamos falando dun colectivo formado por unhas 350 persoas pero que moitas delas están contratadas só uns meses, en cambio outras levan máis dun ano. Parece lóxico que non se lles dea o mesmo tratamento a todas elas.

De acordo con isto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación parcial do recurso presentado polo Sr. Álvarez, incluíndo no censo aos contratados con cargo a proxectos de investigación que poidan acreditar unha vinculación coa UVigo superior a un ano, dentro dos últimos dezaioito meses.

Inclúe o reitor que se trata de acadar un consenso sobre este tema e polo tanto se abre unha quenda para coñecer a opinión de todos.

O Prof. Muñoz está de acordo coa postura pero non ten claro o límite de tempo que debe requirirse, así, fala dos profesores invitados que non están nos censos e os interinos de substitución que non sabe por canto tempo están. Debería fixarse un tempo mínimo que sexa axeitado e coherente.

Debátese sobre este tema con intervención do reitor e a secretaria xeral.

A Prof^a Suárez sinala que se está desvirtuando o concepto de comunidade universitaria, tendo en conta que unha persoa contratada con cargo a un proxecto realiza moito tipo de funcións e pode inflar moito o colectivo do sector do PDI-B. Así, a inclusión deste tipo de persoal fai que quede moi diluído o colectivo de profesores titulares de escola universitaria e profesores asociados, que xa ten unha representación moi limitada cun 9 %. Está de acordo coa proposta da mesa pese aos enormes efectos colaterais e como se desvirtúa o sector. Solicita que se inclúa un requisito a maiores que sería a contratación a tempo completo.

O reitor sinala que efectos colaterais sempre hai cando se modifica a normativa electoral vixente.

O Prof. Arias pregunta se neste colectivo se inclúen os contratados cando a xestión económica corresponde ao servizo de investigación ou cando corresponde a FEUGA. Debátese sobre a cuestión con intervención da vicerreitora de Titulacións e a xerente, e se sinala que o importante é se o contrato se firma ou non pola Universidade, como elemento a ter en conta.

Ao Prof. Vidal sorpréndelle o cambio de actitude da mesa, cando no Consello de Goberno de 5 de marzo estaban de acordo en non incluír este persoal e despois que se faga esta proposta de inclusión. Pregunta a que se está referindo exactamente a mención a este persoal: doutores, non doutores ou tipo de actividades que desenvolven.

O Reitor manifesta que se trata de dar resposta a una reclamación e polo tanto de buscar unha solución que sexa válida para todos. En canto ao tipo de persoal, se fala de persoal contratado con cargo a “proxectos de investigación” e ese é o criterio a seguir.

A Prof^a González entende que este persoal non debería ter dereito a voto e pregunta que efecto pode ter un rexeitamento deste recurso. Si a negativa non afecta para nada ao proceso electoral, considera que non debería incluírse este persoal no censo.

Intervén o Sr. Álvarez quen agradece o traballo da secretaria xeral e da vicerreitora de Economía pola súa xestión, considera que estamos hoxe aquí pola súa falta de capacidade en canto tivo que asesorarse para poder presentar o recurso e que se houbera sido mais rápido non se tería chegado ata aquí. Reitera o contido do seu recurso e manifesta o seu acordo coa proposta da mesa. Engade ademais que unha negativa fronte a este recurso podería dar lugar á xudicialización do tema e a paralización do procedemento.

Debátese novamente sobre o tema da dedicación e a posibilidade de incluír este requisito para a inclusión deste persoal no censo.

Intervén o vicerreitor de Formación e Innovación Educativa quen sinala que o mellor sería no experimentar con normativas e introducir unha previsión similar ás previstas en Santiago e Coruña.

A proposta que se fai pola secretaria xeral é estimar parcialmente o recurso e incluír aos contratados con cargo a proxectos de investigación que poidan acreditar unha vinculación coa UVigo superior a un ano, dentro dos últimos dezaoto meses.

Sobre o tema de dedicación, lee o reitor a normativa da USC, que esixe media xornada.


A Prof^a Blanco fai un chamamento á responsabilidade dos membros da Comisión Electoral e rigor no seu traballo, fronte ás palabras do Sr. Álvarez, cando fixo referencia a que no era consciente dos efectos do seu recurso.

O reitor incide en que puido ser acontecido todo doutro xeito pero o que máis interesa a todos e que todo vaia agora ben e non existan máis incidencias no procedemento.

Apróbase por asentimento estimar parcialmente o recurso e incluír aos contratados con cargo a proxectos de investigación que poidan acreditar unha vinculación coa Uvigo superior a un ano, dentro dos últimos dezaoto meses e con dedicación polo menos a media xornada, como consta no **anexo I**.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:10 horas do día 22 de marzo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor



Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral



Esther M.^a González Pillado